

1. Que é a demografía?

A **demografía** é a ciencia que se encarga de estudar como é a poboación dun lugar. Para facelo, os demógrafos seguen estes pasos:

1. **Recollen datos:** Contan cantas persoas hai.
2. **Organizan a información:** Fan gráficas e mapas cos números que conseguiron.
3. **Explican o que pasa:** Estudan por que a poboación cambia e intentan adiviñar que pasará no futuro.

De onde sacan a información?

- **Censo:** É unha lista que se fai cada 10 anos en toda España para saber cantos somos, onde traballamos e como vivimos.
- **Padrón municipal:** É o rexistro de veciños que ten cada concello (como o teu).
- **Rexistro civil:** Onde se anotan os nacementos, as vodas e as mortes.

En España, o organismo que se ocupa de todo isto é o **INE** (Instituto Nacional de Estadística), e en Galicia temos o **IGE**.

2. A densidade de poboación


A densidade serve para saber se un lugar está moi cheo de xente ou moi baleiro. Calcúlase así:

- **Densidade = número de habitantes ÷ superficie do lugar.**

Por exemplo, Galicia ten menos xente que Canadá, pero como Galicia é máis pequena, a súa densidade é maior; é dicir, vivimos "*máis apretados*".

Por que a xente escolle vivir nuns sitios e non noutros?

- **Causas físicas:** Preferimos climas suaves (nin moito frío nin moito calor), estar preto da costa, en zonas baixas e onde haxa auga e terra boa para cultivar.
- **Causas humanas:** Buscamos lugares con traballo (fábricas, tendas), boas estradas, hospitais e colexios.



3. Movements naturais: Nacer e morrer

Son os cambios que ocorren na poboación de xeito natural.

- **Natalidade:** Cantos nenos e nenas nacen nun ano. A **taxa de fecundidade** dinos cantos fillos ten cada muller. Para que a poboación non baixe, o ideal son 2,1 fillos por muller.
- **Mortalidade:** Cantas persoas morren nun ano.
- **Esperanza de vida:** É o número de anos que se espera que viva unha persoa ao nacer. Se hai boa comida e médicos, a xente vive máis.

Crecedemento Natural (CN): É a conta de restar os que nacen menos os que morren (**CN = Nacementos – Defuncións**).

Fórmulas

Taxa de Natalidade
TN (‰) = $\frac{\text{Nº de nacementos nun ano}}{\text{Poboación total}} \times 1.000$

Taxa de Mortalidade
TM (‰) = $\frac{\text{Nº de falecidos nun ano}}{\text{Poboación total}} \times 1.000$


Crecedemento Natural ou Vexetativo
CN = TN - TM

Crecedemento Real
CR = (TN - TM) + (Inmigrantes - Emigrantes)

4. Os réximes demográficos (As etapas da historia)

A poboación non sempre se comportou igual:

1. **Réxime antigo (ata 1750):** Nacían moitos nenos, pero tamén morría moita xente polas pestes e a fame. A poboación case non medraba.
2. **Eta de transición (séculos XIX e XX):** Os médicos e a hixiene melloraron. Morría menos xente pero seguían necendo moitos nenos. A poboación medrou moitísimo.
3. **Réxime moderno (actualidade):** Nacen moi poucos nenos e a xente morre de vella. A poboación medra moi pasiño ou incluso baixa.




5. Como é a nosa poboación?

Para estudar a poboación dividímolos en tres grupos de idade:

- **Mozos:** Menores de 15 anos.
- **Adultos:** Entre 15 e 65 anos.
- **Anciáns:** Maiores de 65 anos.

Se hai moitos nenos, dicimos que é un **país novo**; se hai moitos avós (como en Galicia), dicimos que é unha **poboación envellecida**. Para ver isto dunha ollada usamos as **pirámides de poboación**, que son unhas gráficas que parecen escaleiras.



6. As migracións: Cambiar de lugar

As migracións son os viaxes que fai a xente para vivir noutro sitio.

- **Emigración:** Cando marchas do teu lugar de orixe.
- **Inmigración:** Cando chegas a un lugar novo para vivir nel.

Por que se muda a xente?

- Para buscar traballo ou comida (**Económicas**).
- Por guerras ou problemas co goberno (**Sociais e políticas**).
- Por desastres como terremotos ou secas (**Naturais**).

O resultado final: Crecemento Real Para saber de verdade se a poboación aumenta ou diminúe, hai que sumar o Crecemento Natural e o Saldo Migratorio (a diferenza entre os que entran e os que saen). Se o número final é positivo, a poboación sobe; se é negativo, baixa.